

VII CONCURSO FOTOGRÁFICO DIA DO PAI A.C.I.S.A.

PARTICIPANTES

Poden participar todas as persoas maiores de idade que o desexen, salvo membros do xurado. A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases.

A FOTOGRAFÍA

Os traballos presentados non puideron ser publicados previamente en revistas, xornais, libros impresos, ou sistemas online. Tampouco puideron ser obxecto de ningún outro premio fotográfico.

As fotografías elixidas deben ter unha resolución de 2MPX para a súa posterior impresión e exposición.

Poderase participar en dúas modalidades:

- 1º mediante “Redes Sociais”
- 2º mediante “Correo Postal”.*

*A participación na modalidade postal, co envío da fotografía impresa, impide automaticamente a participación na modalidade redes.

1- Modalidade Redes Sociais

Débense “subir” as imaxes á páxina do Facebook de ACISA, mediante a app que se instalará para iso.

Deberán indicar un título da obra e indicar o seu correo electrónico e o teléfono no lugar que se lle solicite. Os datos persoais non serán de dominio público, só administrativo.

2- Modalidade Correo Postal

O participante deberá informar dos seguintes datos:

- Nome e apelidos do concursante.
- Dirección de correo electrónico de contacto.
- Teléfono de contacto.
- Título da imaxe.

PRAZOS DE ENTREGA

A aplicación no facebook comezará a funcionar dende o día 3 de marzo. Dende ese mesmo momento as fotos poderanse enviar tamén por vía postal.

O prazo máximo de envío físico e dixital será ata as 00:00 horas do día 19 marzo, que será cando a App do Facebook deixe de admitir imaxes, nese mesmo momento saberase o gañador do premio na modalidade de Redes Sociais.

SELECCIÓN DE OBRAS E FALLO

As fotografías presentadas na modalidade redes sociais terán un período de exposición pública no lugar creado a tal efecto na páxina do facebook de ACISA Ribadeo, ao que se poderá acceder a través do seguinte enlace <https://www.facebook.com/acisa.ribadeo>

Durante este prazo (do 3 a o 19 de marzo) terá lugar a votación popular que dara lugar ao Premio do Público.

Entre as 50 imaxes máis votadas na aplicación (exceptuando a gañadora do premio do público) e as imaxes enviadas por correo postal, realizarase unha selección por parte do xurado. A resolución de esta selección dará lugar ao Premio do xurado.

A publicación oficial realizarase o día 20 marzo en redes e medios, para comunicar a resolución de ambas modalidades, así coma a título persoal os agraciados.

XURADO E ENTREGA DE PREMIOS

O xurado reunirse o día 20 de marzo pola mañá e estará composto por representantes da ASOCIACIÓN.

Modalidade Premio Público

Único Premio 100 € (redes sociais) EN VALES DE COMPRA DE ACISA.

Modalidade Premio Xurado

1º Premio 200 € EN VALES DE COMPRA DE ACISA.

2º Premio 150 € EN VALES DE COMPRA DE ACISA.

3º Premio 100 € EN VALES DE COMPRA DE ACISA.

O premiado deberá contestar á chamada telefónica que se realizará dende as oficinas de ACISA, tras o veredicto do xurado. Realizaranse tres intentos, no caso de non atender a chamada, pasarase ao seguinte seleccionado. Na chamada informarase ao premiado do procedemento para formalizar a entrega do premio, que se realizaría nese mesmo día ou nos vindeiros días.

PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías premiadas e as presentadas poderán ser utilizadas nas diferentes plataformas de difusión de ACISA, có único obxecto de promocionar a fase participativa do concurso.

DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS

A.C.I.S.A. Ribadeo reservase o dereito para reproducir en soportes informativos e promocionais propios e expoñer de maneira libre calquera das imaxes finalistas así como de todas aquelas que haxan obtido algún dos premios.

Os participantes responsabilizaranse de presentar obras inéditas, de que no existan dereitos a terceiros sobre as súas obras. Os organizadores comprométense, pola súa parte, a indicar o nome do autor cada vez que a súa imaxe sexa reproducida.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE A A.C.I.S.A. Ribadeo

Nome do menor:

Idade do menor:

Nome dos pais ou titores:

D.N.I dos pais ou titores:

MANIFESTO A MIÑA CONFORMIDADE EXPRESA E AUTORIZACIÓN para que A.C.I.S.A. Ribadeo poida utilizar indistintamente todas as imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc., (en adiante “as Imaxes”) ou parte das mesmas nas que o meu fillo/tutelado intervén como modelo, entrevistado, ou participante secundario, e incluílas nun ficheiro debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, da cordo co establecido na Lei Orgánica 13/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, cuxa finalidade é a comunicación e difusión de todos os programas de A.C.I.S.A. Ribadeo. Esta autorización enténdese concedida con un ámbito territorial e temporal amplío, polo que A.C.I.S.A. Ribadeo poderá utilizar estas Imaxes, ou parte das mesmas, en todos os países do mundo sen limitación xeográfica de ningunha clase.

Todo elo coa única excepción e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atender ao dereito ao honor, á moral e/ou a orde pública, nos termos previstos na lexislación vixente en cada país. A presente autorización, feita nos termos fixados no presente acordo, entendese feita con carácter gratuito. A.C.I.S.A. Ribadeo exímese de responsabilidade sobre calquera uso que poida facer un terceiro das Imaxes fora do ámbito territorial, temporal e material obxecto do presente acordo.

E en proba de aceptación e conformidade, firma o presente documento

En..... a..... de..... de 2017.

Asdo: O pai/ titor.

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e a través da cumplimentación do presente formulario, vostede presta consentimento para o tratamento dos seus datos persoais facilitados que serán incorporados ao ficheiro de Participantes do que son titulares ACISA Ribadeo para a correcta prestación dos servizos que a asociación ofrece a os seus socios.

Igualmente informámoslle que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos en dicha Lei nas nosas oficinas situadas en Av. Galicia 20, 2ª planta. 27700 Ribadeo (Lugo) ou na dirección de correo info@acisaribadeo.es, debéndose identificar mediante DNI, Pasaporte o Tarxeta de Residencia.